



Diccionario Panikkariano

Victorino Pérez Prieto e José Luis Meza Rueda;
Editorial Herder, Barcelona 1916 (400 páxs).

Nun mundo tan fortemente globalizado no económico e no tecnolóxico, que parece querer arrasar coa diversidade cultural, é de agradecer acceder ás claves do pensamento dun home, Raimon Panikkar que se esforzou, con gran capacidade, en tender pontes de diálogo fondo entre as ciencias da natureza, a filosofía e a teoloxía.

Nun mundo no que as diversas relixións se ven abocadas a un diálogo fraterno (e case dramático) que pescude nas intuicións experiencias comúns sen reduccionismos simplistas, resulta moi esperanzada e osixenante a achega do sabio catalán a quen se lle dedica esta obra que presentamos. El, sen deixar de sentirse cristián e católico, atopouse tamén, por inmersión cultural, por empatía fonda, e por prolongado estudo crítico, crente hindú e budista... E a maiores como home completamente secular que puido comprender desde dentro tamén as achegas

e as limitacións da Ilustración. Panikkar non adoptou posturas superficiais ou acomodaticias, nin compuxo un credo persoal con elementos collidos dunha e doutra tradición cernados das raiceiras vitais, senón que se mergullou nesas catro tradicións (a científica, a cristián, a hindú e a budista) respectándooas fundamente e atopouse capaz de comprendelas, de gustalas, de vivilas, de conectalas na súa persoa e no seu pensamento e de propoñernos os seus achados, como mapas de camiño cara a interioridade e cara a luz do Misterio, así como as súas propostas de futuro nunha obra asombrosa e coidada, fecundísima e suxestiva.

A achega de Panikkar, moi persoal, non é sen embargo illada nin solipsista, pois bebeu nas fontes da filosofía grega, da Patrística grega e latina, da Escolástica de Tomé de Aquino, de san Bonaventura e de Duns Escoto, de Nicolás de Cusa e do